

Cunqueiriana

Ensaio O traballo privilexia a cantidade e insiste na xustificación das escollas vitais de Cunqueiro

Dentro do mundo da cunqueiriana académica existen dous tipos de especialistas: os ocupados na recolección e os ocupados na enxeñería. Manuel Forcadela, profesor de Filoloxía Galega na Universidade de Vigo, pertence ao último tipo. Como exemplo dentro do seu xénero, *A mecánica da maxia: Ficción e ideoloxía en Álvaro Cunqueiro*, é a peza máis interesante de cunqueiriana publicada en tempo. Mágoa que en moito sentidos sexa un proxecto fanado e decepcionante.

A obra está dividida en dúas seccións: “A (re)construción dun autor” e “As razóns da crise”. A primeira parte é, case sen excepción, un corta e pega do III Premio de Ensaio Ramón Piñeiro *Diálogos na néboa: Álvaro Cunqueiro e Ramón Piñeiro na xénesis da literatura galega de posguerra* (2005) de Manuel Forcadela. Non intúo cales puideron ser as razóns que levaron a copiar un texto recente que se pode descargar de balde de internet. Fosen as que fosen, deberían estar explicitadas na introdución.

Forcadela privilexia cantidade sobre calidade. N’*A mecánica* preséntanse un elevado número de ideas, moi-

tas delas innovadoras, concórdese ou non con elas, como a análise comparativa entre *As crónicas do Sochantre* (1956) e a película de John Ford *Stagecoach* (1939), pero as distintas partes apenas teñen relación entre elas. Creo que o libro debería ser unha colección de ensaios no canto dun volume con pretensións de unidade.

A nivel de forma, pode ser que Forcadela quixese escribir desafiando as convencións académicas á maneira dos feminismos franceses ou que simplemente non houbese traballo de corrección abondo. Os textos presentan un precario uso das citas teóricas, un uso practicamente nulo de citas de Cunqueiro que raramente inclúen obra e páxina, e cítanse autores que non se consignan na bibliografía, entre outras cuestións. Pero son as cuestións argumentativas as que máis me preocupan. Para mostra, un botón.

Forcadela parte da hipótese de que Cunqueiro apenas tivo axencia durante grande parte da súa vida: foi secuestrado polo Falanxismo (p. 110), vítima “[d]unha notable ‘síndrome de Estocolmo’” (páx. 104) e “estivo ‘sumido’ nesa deriva que o leva a es-

A mecánica da maxia: ficción e ideoloxía en Álvaro Cunqueiro
Manuel Forcadela ·
Galaxia, 2009 ·
192 páx · 20 euros



cibir a parte final da súa obra noveística en castelán” (páx. 117). Hipótese máis ca discutíbel baseada nunha acrítica recepción da biografía oficial de Cunqueiro adobiada dalgún dato incorrecto e construída sobre a ignorancia, xa que seguimos sen saber da súa vida en longos períodos. Forcadela fai un esforzo retórico por xustificar as escollas de Cunqueiro, entre as que salientan as lingüísticas, probabelmente para que a súa figura sexa máis fácil de asumir polo galeguismo. O resultado final, porén, é a imaxe dun home perpetuamente “canso, soio, triste, á nugalla” coa que non podo concordar menos.

Pode ser que aquel mozo de vinte e cinco anos se vise avocado a ser colaborador factótum de *Era azul*, que non director, como xa demos-



Álvaro Cunqueiro // Arquivo Galaxia

trou Emiliano Bruno (2000); pode ser que en ocasións escribise textos cos que non concordaba, parcial ou totalmente; pode ser que a necesidade dunha mellor remuneración económica o levase a escribir libros en castelán. Porén, ninguén o obrigou a ascender no réxime e a escribir as novelas directamente en castelán. Finalmente, Forcadela asimila a Cunqueiro co seu Sinbad, pirlueta intelectual que o leva a preguntarse “por que un home que aínda tardaría vinte anos en morrer... contempla a súa existen-

cia desde esa perspectiva final, como de despedida... [e ademais esta] é a [súa] derradeira novela [en galego]” (172). Non será que o Sinbad non é un *roman à clef*? Non será que Cunqueiro esperaba, como aínda esperamos todos, que a industria editorial en galego despegase, pero que non o fixo, e el seguía tendo que pagar piso, carreiras universitarias, lentellas? Sen dúbida, Cunqueiro eran el e as súas circunstancias, pero de nada serve analizar estas de maneira maniquea e teleolóxica. // **María Liñeira**